

## MESA XERAL EXTRAORDINARIA DO PERSOAL EMPREGADO PÚBLICO: PUNTO DE ROGOS E PREGUNTAS

Santiago de Compostela 23/07/2021

**INFORMACIÓN DADA POR FUNCIÓN PÚBLICA DE VARIOS ASUNTOS NA MESA XERAL EXTRAORDINARIA DO 23/10/2021:**

### SENTENCIA DE CIG SOBRE A CARREIRA:

- **Non é correcta a información transmitida pola CIG.** As consecuencias xurídicas da sentenza se están estudando e **o que explica di que é froito dun primeiro análise:**
  - **Non reconece ningún dereito** nin reclamación para cobro extraordinario dende o 1 de xaneiro do 19, nin a funcionarios interinos nin a laborais temporais.
  - **Non é certo que reconeza ningún dereito ao persoal laboral temporal.**
  - **Non é certo que reconeza ningún deito de cobro a partir de xaneiro de 2019.**
  - **Si é certo que anula a parte do Acordo referida á Carreira e polo tanto deixa sen cobertura legal o pago** da carreira do tramo extraordinario que se está pagando neste momentos, no momento en que sexa firme.
  - Van a ver que **solución xurídica** se lle pode dar, **presentarán recurso** e como xa comunicaron na Comisión de seguimento do Acordo, **intentarán chegar a un acordo** para que **non se teña que deixar de pagar** a aqueles están cobrando a **consecuencia da execución da sentenza** cando esta adquise firmeza e se executase a petición da **parte recorrente (CIG).**

### EXAMES DE OPOSICIÓN PENDENTES

Segundo como se desenvolva a situación sanitaria e pendentes das autorizacións de Saúde Pública:

- As convocatorias de funcionarización publicaranse a principios de setembro (as que foron hoxe á Mesa publicaranse no mes de agosto) e os exames das anteriores serán a finais de setembro (**fin de semana do 25-26**).
- **Non haberá ningún exame antes dese fin de semana**, nin de funcionarización nin daquelas que teñen que realizar segundos exames.

### CONCURSO DE TRASLADOS:

- Convocará para o **luns ou martes** as OOSS para **analizar a solución** que se lle da a aquelas persoas que participaron no **Concurso e na Promoción Interna**, para poder publicar instrución na web de Función Pública, antes do fin de prazo da renuncia á participación no concurso.
- **Baremación provisional:**  
Unha serie de persoas que non presentaron a documentación correctamente e que están baremados con cero puntos. Entende que puido ser erro das persoas ao non presentar o certificado tal e como establecen as bases. En todo caso expón que se **analizarán as reclamacións** presentadas e se dará **resposta de conformidade a dereito.**

### CONVALIDACIÓN DO RDL DE TEMPORALIDADE:

- Aprobeuse, no Congreso dos Deputados, o mesmo texto que estaba publicado, sen ningunha das modificacións que se anunciaron en prensa. O texto recolle:

- A **finalización dos contratos aos 3 anos do persoal interino**
- Un **novo proceso de estabilización** do persoal que leve máis de 3 anos dende o 31 de decembro de 2020 ao 1/01/2018.
- A **indemnización en determinados casos**, porque o texto non é moi claro, si a recolle para todos aqueles que se nomeen a partir da entrada en vigor do RDL e que pasen de 3 anos e para todos aqueles que participen no proceso de estabilización que establece a norma.
- Pero **polo de agora**:
  - **Non hai acceso por concurso a partir dos 10 anos**, que haberá que ver no seu caso como se articulará.
  - Nin **tampouco está regulado que os exames non sexan eliminatorios** no proceso de concurso-oposición, aclarando que baixo o seu criterio, que o tema de que sexan ou non sexan eliminatorios, si a puntuación é dun 0 ou dun 1, dificilmente podería compensar unha fase de concurso con unha puntuación elevada.
- **Intención da Xunta de Galicia**:
  - **Seguir cos procesos** que están convocados
  - Seguir traballando na **convocatoria dos novos procesos**,
  - Nestes momentos no ámbito da DXFP están executándose máis de 2.000 prazas, de libre concorrência, a maiores a PI e quedan aproximadamente unhas 4.000.
  - Van a **analizar os resultados** das probas xa realizadas aos efectos de cómputo de **persoas que puidesen estar afectados pola nova regulación** da estabilización, por si hai que corrixir ou modular algún tema para os procesos seguintes a convocar.
  - O Director cree que **o sistema que se desenvolveu e se está aplicando en Galicia é o mesmo que estableceu para o Estado co RDL**. Expón que no estudo que presentou, por parte do Ministerio, sobre os procesos selectivos a desenvolver regúlase a **simplificación dos procesos, abrevialos, darlle maior importancia aos exames tipo test eliminado número de exames e establecer o 40% na valoración do concurso**, polo tanto **todo isto se está facendo nesta Comunidade Autónoma desde o ano 2018**, e polo considera que está ben pero que **non se inclúe ningunha novidade importante**.